

## 1. É a única persoa que senta sen os seus amigos no comedor.

- Como pensades que se sente?
- Por que credes que o resto non senta con esta persoa?
- Que decidides facer?



## 2. Propón un xogo a un grupo no recreo, pero ningún se une.

- Como credes que se sente?
- Por que credes que o resto non quere participar?
- Podería convencelos ou xogar a outra cousa?
- Que fariades vós?



## 3. Ninguén fai caso á súa opinión en clase.

- Como credes que se sente?
- Por que credes que ninguén lle fai caso?
- Que lle poderíades recomendar?



## 4. Esta persoa séntese soa porque ninguén se achegou a falar con ela.

- Como credes que se sente?
- Por que credes que ninguén se lle achega?
- Achegariádesvos a falar con esta persoa?



## 5. Hoxe é o seu primeiro día no colexio e, ademais, incorpórase a metade de curso.



- Como podería presentarse ante a clase?
- Onde sentaría, en que mesa?
- Que poderíades facer para que se sinta a gusto desde o primeiro día e participe?

## 6. O seu mellor amigo ou amiga non lle fixo caso en todo o recreo.

- Como credes que se sente?
- Que lle podería dicir ao seu amigo ou amiga?
- Probou a xogar con outros?



## 7. No patio hai uns nenos aos que apenas coñece, que están a xogar a algo que se lle dá moi ben.

- Credes que podería achegarse a eles para unirse ao xogo?
- Se lle din que non, como credes que se sentiría?
- Como o fariades vós?



## 8. Hoxe non tivo un bo día, séntese triste e sen ganas de facer nada.


- Que pode facer para sentirse mellor?
- Se cadra prefire quedar a soas, achegariádesvos a preguntar?
- Que poderíades facer para cambiar o seu humor?





## 9. Cría que era a única amizade de Erika e hoxe fixo tnovos amigos.

- Como credes que se sente? E Erika?
- Fixo ben en irse con outros sen preocuparse da súa amiga?
- Que fariades vós?



## 10. Torceu un nocello e non pode camiñar. Queda cos seus amigos e deciden xogar ao baloncesto.

- Como credes que sente?
- Que podería facer para participar no partido?
- Como reaccionariades vós?



## II. Sacou a peor nota no exame e o seu mellor amigo riuse por iso.

- Como credes que se sente?
- Que debería facer o seu amigo en lugar de rirse?
- Que lle poderiades recomendar?



---

---

---

---

---

---

---

---



---

---

---

---

---

---

---

---



---

---

---

---

---

---

---

---



---

---

---

---

---

---

---

---



---

---

---

---

---

---

---

---